

## A GARDA DAS RUINAS

SUSO DE TORO

A natureza do escritor é a do melancólico, quero dicir o que olla cara atrás. Como ben viu Walter Benjamin a súa musa é a memoria e o que o anxo da memoria lle mostra ao escritor é o pasado, ruínas. O escritor é o que busca, garda e mostra a memoria. O narrador é quen conta un sucedido no pasado digno de ser coñecido, de ser lembrado. O escritor é un medium que recibe as voces dun mundo fantasmal, o pasado, o país das fantasmas.

O escritor actual é un fillo dexenerado e débil dunha estirpe poderosa, o sacerdote que era tamén «aedo» na Grecia e «druida» na cultura celta. Descendemos dos que portaban neles, dos que actualizaban permanentemente a memoria ancestral da comunidade, a memoria sagrada que explicaba quen era esa tribu, esa comunidade, e quen foran os fundadores. A literatura é un froito dexenerado dunha árbore poderosa e temíbel que era a relixión e o mito.

As cidades son o mundo construído polos humanos, o espacio que os humanos lle rouban á creación divina, aos deuses. Son o espacio non sagrado, o lugar profano. E nas cidades gregas e logo romanas é onde os cantos e as historias sagradas se transforman en literatura, onde as palabras deixan de ser sagradas para ser simplemente humanas. O mesmo ocorre séculos despois, logo da Idade Media na Europa do Renacemento. Ese é o tempo no que aparece de novo en Occidente a conciencia de individuo, de ser humano separado, solitario. A cultura racionalista que ven desde o Renacemento e que florece na Ilustración vai acompañada dunha nova tecnoloxía, a imprenta. Estamos a pasar da literatura que

se canta e se escoita, que se recita, que é lida en voz alta para ser oída, á nosa época, cando a literatura é lida en silencio. O que hoxe chamamos literatura son palabras «en conserva», palabras encriptadas, afónicas. A imprenta e a difusión dos libros dá lugar ao nacemento do lector, a persoa que le na súa casa, na súa privacidade. Que le en soedade. A literatura é o tempo do individualismo e o escritor tamén se fai individualista, non pretende xa repetir a memoria colectiva, a lembranza do pasado común senón que, como un heroe individualista, aspira a que a comunidade atenda e celebre a súa voz persoal, a súa subxectividade. Comeza un camiño que leva progresivamente á separación da comunidade, á incomunicación.

No século XIX hai dúas figuras que reflicten ben cara onde vai ese camiño, dous artistas xordos, Goya e Beethoven. Ambos na etapa final padecen xordeira e a súa obra faise máis escura, libre e experimental. E tamén máis enigmática, incomprendible para nós. A xordeira, a separación dos demais, o encerramento no mundo interior, subxectivo conduce á ruptura da comunicación. O grande romance do século XX, o *Ulysses*, é iso, a vida da mente. A vida como unha corrente de linguaxe persoal, palabras que só existen na nosa mente, palabras encerradas na cabeza que o romancista irlandés nos mostra impudicamente, pois revela o máis íntimo. Para Joyce a vida é linguaxe, palabras, e son palabras individuais, particulares, un caudal de linguaxe persoal que os demais non poden compartir, non poden comprender. Segundo Joyce somos monólogos coexistentes e separados. Ese camiño conduce a Beckett, á imposibilidade de comunicación, e ao silencio.

A pintura e a escultura, pola súa banda, fixéronse crípticas e incomprendibles tamén para a xente. A pintura do século XX é por antonomasia a arte abstracta, é dicir a pintura que se liberou da realidade, que rompeu coa realidade e existe só no maxín do artista. E por iso, porque cada un temos un mundo interior distinto, non podemos comprender os demais. Fixéronse artes incomprendibles, que non nos falan, ou que non comprendemos o que nos din.

A literatura, paralelamente a este camiño de progresivo subxectivismo, encerramento, experimentalismo formal, foi perdendo lectores. Foi perdendo función. A literatura liberouse da obrigación de contar historias comprendibles, de narrar, mais perdeu practicamente toda función e poder. Fíxose insignificante, non significa

nin importa. Paralelamente a ese retroceso social da literatura, a ese refuxiarse na privacidade e nas minorías lectoras, avanzou o cinema. O cinema é para nós o que foi antes a literatura, a arte social que nos divirte, que nos fai soñar e que expresa as nosas fantasmas persoais e tamén as nosas fantasmas colectivas. E o cinema, ademais de levar dentro de si a outras artes como a música, a actuación, as artes plásticas, actualiza a literatura: devólvelle a vida á literatura, dalle outra vez vida ás palabras «en conserva». As palabras cobran vida no alento dos actores e actrices. Este tempo noso é un tempo no que entra en crise a cultura da privacidade, do lector solitario, das minorías que sabían ler e tiñan o hábito da lectura. Tamén un tempo no que a comunicación ía nunha única dirección, só había emisor e receptor. E agora a palabra volve a estar ao alcance de calquera. Nas salas de cinema e nas pantallas do televisor volve a haber narración e palabra literaria e nas pantallas de ordenador e nas pantallas do teléfono celular as persoas reciben e envían palabras. Volvemos a un tempo no que a palabra falada e escrita está nas bocas e nas mans da xente. A un tempo de oralidade e de expresión persoal.

Este é o noso tempo. Un tempo no que os escritores tivemos unha educación especializada de artista minoritario, os escritores formámonos imitando a figura do escritor canónico que lía libros e que escribía libros influído só por libros, alimentado por unha biblioteca e alimentando el propio á esa biblioteca. E un tempo no que vemos que o noso lugar é obsoleto, un luxo que quizais só sexa posíbel porque o estado e as institucións o permiten, que non ten unha utilidade clara á sociedade. E estamos desconcertados. Somos tan libres, tan despegados da sociedade, tan subxectivos, tan exquisitos, tan inútiles, que non sabemos xa se hai sitio no mundo para nós. ¿Deberemos de deixar de escribir libros e deberemos escribir para cinema, televisión, cancións...? Desde logo, se Shakespeare vivise hoxe seguramente non escribiría libros, escribiría cancións e guións para cinema.

O caso é que os escritores hoxe seguen actuando conforme á súa natureza, elaboran o pasado, mais fano a través da súa subxectividade, do seu mundo interior. E hoxe practicamente non hai xa escritores nacionais, non hai xa un Whitman, por exemplo. Pódese dicir que non hai escritores «norteamericanos», ou «canadianos», «franceses», «ingleses»... Os escritores son, fundamentalmente, escritores, sen apelido nacional.

¿Como é vivida esta situación onde eu vivo, onde eu escribo? Porque sempre escribimos no tempo no que vivimos, mais tamén no lugar onde vivimos. E eu constato que, aínda que me sinto simplemente «escritor», vivo dentro dunha comunidade creada tanto por institucións, como un estado e unha «comunidade autónoma», como por unha memoria compartida. E tamén polos límites que crean os idiomas. Os idiomas crean espazos con límites, e vivimos e intercambiamos experiencias, memoria, opinións dentro dos límites dos idiomas. Eu vivo dentro de dous ámbitos, un ámbito español e outro ámbito, interior a este, galego. Teño un sentimento de pertenza íntima ao ámbito galego e un sentimento de convivencia, e tamén en parte de pertenza, ao ámbito español. Como escribo en lingua galega, como escritor percibo antes de nada os límites da lingua galega, unha variante do que os romanistas chaman o «hispanico occidental», o galego-portugués, que é unha lingua caracterizada por ficar dentro do dominio político do castelán e por terse visto ameazada de desaparición, e que toda a súa cultura está marcada polo afán de resistencia contra o castelán. A cultura en lingua galega está toda ela condicionada pola loita por sobrevivir, sen estado sen recursos, a outro idioma que nos foi imposto historicamente. É, pois, unha cultura, unha literatura, de resistencia. Nunha cultura comunitaria que ten unha lingua propia a literatura pasa a ser a insignia, o resumen e case o primeiro argumento para afirmar a existencia. A literatura en lingua galega é historicamente unha literatura comunitaria, na que por riba da expresión da individualidade característica dos escritores modernos, prima a expresión da comunidade, do pobo galego, da nación galega. De modo que é realmente unha literatura moi «nacional», moi doutra época.

Cando unha comunidade, unha cultura é agredida, colonizada, se ten capacidade xenera unha resposta. Esa resposta pode ser de dous modos, afirmativa ou defensiva. Na cultura galega déronse as dúas respostas. Despois da prohibición da escrita do galego no territorio sometido a Castela no século xv comezou cos ilustrados a recuperación da escrita no século xviii e xix, naquel momento a resposta era defensiva, a literatura era para marcar un territorio lingüístico propio, un territorio comunitario, e a literatura era predominantemente a expresión da cultura propia, local, etnográfica. Houbo unha época, no primeiro tercio do século xx, no que se da unha resposta afirmativa: a cultura galega que-

re tender pontes coa contemporaneidade, non aspira só a resistir, quere vivir o seu tempo de modo normal. E nesa época a lingua e a literatura é usada para abrir o país, para modernizalo. Dese tempo é o comezo das traducións, sobre todo de escritores e pensadores en lingua inglesa (moitos irlandeses), alemana, francesa...

Ese periodo remata coa Guerra Civil e os corenta anos de ditadura de Franco e a cultura en lingua galega, nunha situación sen esperanzas históricas de poder existir, opta por intentar sobrevivir, así que aínda que seguen habendo traducións doutros idiomas, a corrente dominante é a da afirmación da identidade. A literatura galega no tempo no que eu comezo a ler en galego e logo a escribir é moi identitaria, prima a expresión do argumento nacional, da defensa do pobo galego e, implícitamente, culpabiliza a expresión do «eu» íntimo. A literatura é boa non pola súa calidade literaria senón porque afirma a cultura galega.

E a miña experiencia persoal é a de vivir sobre un chan de contradicións. Dentro da literatura galega combatín esa concepción de literatura nacionalista, de literatura dentro dun programa nacional, dentro dunhas regras obrigadas, e defendín a liberdade do autor e a necesidade de sustraerse ás obrigas ideolóxicas impostas desde o exterior. Defendín escribir intentando a «normalidade» (escribir en galego como se fose escribir en inglés). Mais tamén tiven a experiencia, igualmente complexa, da recepción literaria no sistema cultural español. A cultura española é moi nacionalista, o nacionalismo español caracterízase por facer ideoloxía do monolingüismo castelán e por ser fortemente centralista, co seu único centro en Madrid. E isto levou a que historicamente se un galego quería ser escritor tiña que escribir en castelán e ademais emigrar a Madrid, iso fixeron a Pardo Bazán, Valle Inclán, Cela, Torrente Ballester (e numerosos xornalistas como Camba, Fernández Flórez...). Estas eran as regras do xogo.

En consonancia con isto na conciencia española funciona o esquema antropolóxico universal de contraste entre civilización e barbarie sendo Madrid, a civilización, o moderno, o actual, e o que alí chaman «provincias», o resto do territorio español sería o que hai que civilizar. (Cataluña é unha excepción, non poden negar a existencia dunha cultura urbana, con maior desenvolvemento cultural que a madrileña e non pode ser reducida fácilmente a ese esquema). E así nos anos nos que os meus libros foron traducidos e editados en castelán vin como sempre se lles buscaba ras-

gos «típicos» galegos, é dicir se lles buscaba interpretar antropolóxicamente. Mentres que nun escritor madrileño se supuña que expresaba o seu tempo, que era un escritor contemporáneo, a un escritor galego, ou vasco, se lle supuña que expresaban a cultura local, que era literatura antropolóxica, local. Ou sexa, unha cultura infantilizada, minorizada, de pouco valor cultural. A idea que hai en Madrid é que un escritor en lingua galega é menos intelectual e culto e máis intuitivo e inxenuo. Que somos pastorciños. Isto tenme enfadado moito todos estes anos, pois eu sempre me sentín escritor sen máis.

Con todo, a vida fai o que quere sen pedirmos permiso a nós, e hai un ano e medio unha catástrofe ecolóxica e política ocorreu no meu país, na costa galega e entón os artistas vivimos a experiencia de transformarnos en símbolos e portavoces do conxunto da nosa sociedade. E hoxe non sei ben que dicir, se son ese artista solitario, individualista, tan pouco nacional, tan século xx ou se son un artista que serve á comunidade antes de nada, como querían os románticos do século xix ou como eran os druidas celtas. Supoño que somos individuos solitarios sen remedio, mais establecín lazos moi íntimos tamén co meu país, coa miña comunidade. Os momentos de crise absoluta, de catástrofe piden ser ditos, piden que exista unha palabra colectiva, unha palabra sagrada que diga o sentir e o ser da comunidade.